

CONVERSAS CONTEMPORÁNEAS

## Begoña Caamaño: “O galego resúltalles un moribundo demasiado lento e molesto”

“Os representantes políticos de quen está en contra da eutanasia son os mesmos que queren dar morte á lingua”



Begoña Caamaño traballa no 'Diario Cultural' que dirixe Ana Romaní na Radio Galega - FOTO: Axencias  
POR MANUEL VIDAL VILLAVERDE | 25.01.2010

Begoña Caamaño naceu en 1969 no Calvario, cando a xente do barrio aínda "baixaba a Vigo" e lembraba con orgullo os tempos da súa pertenza ao concello de Lavadores. A adolescencia pasouna noutro barrio emblemático vigués, o de Coia, onde aprendeu a sortear os perigos da marxinalidade. Estudou no INB "Alexandre Bóveda", onde entrou en contacto con profesores que marcaron a súa vida, o seu gusto pola literatura e o saber en xeral mais a súa implicación ideolóxica e política.

Chegou ao xornalismo de casualidade. Rematados os estudos de Maxisterio e cursando a licenciatura de Pedagogía ofrecéronlle a oportunidade de realizar un cursiño de radio na canle Radio Noroeste. "Foi un absoluto descubrimento vocacional e un namoro instantáneo", asegura. Logo traballou en Radio Popular de Vigo, e despois na Radio Galega, formando parte do primeiro equipo que constituíu a delegación en Vigo da cadea autonómica. "Eran tempos en que criamos que estabamos a construír unha radio para un país", apunta. Nesa altura, aínda en Vigo, foi correspondente da Agencia Galega de Noticias e do desaparecido xornal madrileño *El Sol*.

Cheguou a Compostela nos primeiros anos da década dos 90, para incorporarse á redacción central da Radio Galega. Aí comezou a descubrir "o lado menos interesante e sórdido do xornalismo: a manipulación, a censura, o amarelismo...", afirma. Durante un tempo asumiu tarefas de representación sindical, chegando a presidir o Comité Interempresas da CRTVG, cargo que abandonou, "esgotada e desilusionada", di, despois do conflito do *Prestige* e as súas derivacións nos medios de comunicación. Tras un par de anos de "desintoxicación" e reflexión que a levaron por África e o País Vasco, reincorporouse á Radio Galega, onde actualmente traballa no *Diario Cultural*, nun equipo coordinado por Ana Romaní e do que forman parte Anxo Quintela e Xiana Arias. Tamén colaborou en *A nosa Terra*, *Tempos Novos* ou *Festa da palabra* e formou parte do consello editorial da revista antimilitarista *AR*, creada para darlle voz ao movemento galego pola Obxección de Conciencia.

Begoña, está latexante o borrador para eliminación do Decreto de Normización Lingüística, por certo un Decreto minimalista que apenas se cumpría na súa elementalidade e na súas secuencias e esenciais fundamentais. A cuestión era e é nin máis nin menos que perpetuar a diglosia perversa ata consumir (*consumatum est*) a morte do idioma nacional de Galicia. Feijóo, a última hora rebaixou os "créditos". O "trilingüismo harmónico" non é máis que unha parvada. Cal é a este respecto a túa opinión?

Non existe "trilingüismo harmónico", como tampouco o bilingüismo. Cada quen, cada individuo, cada pobo, ten unha lingua de seu; distinto é que sexamos persoas altamente competentes noutras linguas, o cal sería moi desexable e a educación debería fomentar esas competencias dende os niveis máis básicos, pero sen esquecer

xamais a lingua que nos é propia e o lugar preferente que debe ocupar. O termo "bilingüismo harmónico" cuñado pola administración Fraga, foi de seu unha falacia, unha completa mentira; non podemos falar en termos de harmonía cando hai unha situación tan disimétrica entre o castelán e o galego. A sociedade galega en xeral, e a rapazada e a mocidade aínda máis, están sometidas a unha presión constante do español: a televisión, a radio, o cine, os videoxogos... todo o seu ocio transcorre baixo unha xerarquía castelanizante. Xa que non se toman as decisións políticas e económicas para mudar esa realidade, o ensino debería actuar, cando menos, coma elemento equilibrador, potenciando o coñecemento, estudo e uso da lingua minorizada, que é a nosa. Con este novo decreto queren facer o contrario. Van asinar non a defunción, senón a execución do galego. Fraga pretendía que o idioma morrese "de morte morrida", pero seica estes son máis impacientes e o galego estalles a resultar un moribundo demasiado lento e molesto. Non deixa de ser curioso que sexan os representantes políticos de quen está en contra da eutanasia os mesmos que se apresuren a darlle morte a un ser tan vivo como é un idioma.

**Hai opinantes, ao meu xuízo dunha incultura estarrecedora, que consideran que o idioma non é máis que un vehículo de comunicación. Minusvaloran na súa estulticia a cultura, o elemental dun idioma, a sublimación da praxe. "Irmáns, fuxide dos parvos, escribiu en *Sempre en Galiza*, Castelao no seu desterro en Badaxoz, recordas? Cun país así o concepto independentista da nación é dunha levidade amortallada, predisposta a autoinmolación. Concordamos?**

Concordo en que son incultos e parvos, por sermos amables. Aos que pensen que o idioma é só un vehículo de comunicación interrogaríalles primeiro que é o que entenden eles por comunicación e que é o que queren comunicarlle ao mundo dende as súas posicións reducionistas. Se así for, porque non triunfou a idea do esperanto? Porque cada país colonizador o primeiro que fai é imporlles a súa lingua aos conquistados? Ás persoas benintencionadas e que se cren os argumentos esgrimidos polos que, con ningunha boa intención, queren convencernos do atraso de ter unha lingua propia e diferente, preguntaríalles se pensan que é casual e absurdo e antieconómico que os esquimós teñan centos de palabras para definir a cor branca e que no Sahara sexan quen de diferenciar entre ducias de tipos de area. Non entendo tampouco as posicións españolistas da esquerda que se define ecoloxista e antiglobalización e que aplaude o esmagamento das linguas. Un idioma é algo precioso, único, o froito de séculos de traballo, cultura, discusións e consenso. A desaparición dunha lingua, de calquera, debería ser considerada un drama para o conxunto da humanidade. Con respecto á segunda parte da túa pregunta, discrepo. Creo que todo pobo, toda nación ten dereito a se reivindicar a si propia e a esixir o seu recoñecemento. Mesmo nos tempos máis difíciles, se cadra, aínda máis nos tempos máis difíciles. Ao meu entender, o problema estriba máis en atopar as estratexias acaídas para cada momento histórico, pero, por seguir usando frases célebres, "resistir é vencer" e son as batallas que non se dan as primeiras que se perden.

**Begoña, a vida, despois de todo non é máis que un desiderato que alimentamos e procuramos?** Creo que vida é máis ben unha batalla permanente entre a procura do benestar persoal e a ética.

**Ser culto ou culta é unha formulación da indiferenza?** Penso que ser culta ou culto é fundamentalmente unha actitude, unha forma de estar no mundo e de querer comprender todo aquilo que nos rodea e, xa que logo, a antítese da indiferenza.

**Por máis que se hipoteque na súa política de corte fascistoide ou liberal agachado, o PP español en Galicia, e mesmo as derivación galegas do PS non son unha mesma parecida cousa?** Cada vez fica máis claro para todo o mundo a escala mundial que a socialdemocracia é só a cara amable do liberalismo. A diferenza está nas formas e, aínda non sendo unha cuestión menor, PP, PS, e moitas outras formacións políticas, defenden o mesmo tipo de sistema e sérvenlles aos mesmos intereses. No caso da Galiza esa coincidencia de intereses dáse tamén ao respecto do estado español, da consideración de España como marco único e como o único país ao que lle deben lealdade.

**A vontade do pobo con respecto ao idioma é irrenunciábel?** A vontade dun pobo con respecto a calquera asunto debería ser sempre irrenunciábel. No momento en que renunciásemos deixaría de ser a nosa vontade. O fundamental da cuestión do idioma é que, para alén doutras consideracións, nos interpela directamente sobre a nosa vontade de ser ou non un pobo.

**O trilingüismo proposto non che parece a ti un acto de barbarie lingüística próxima ao capitalismo con distintas adxectivacións, ou sintagmas nominais?** O trilingüismo, creo que xa o dixeran, paréceme unha falacia. O que realmente se agocha tras esa palabra, é dicir, a perpetuación da subordinación da nosa lingua ata a súa extinción si que é unha barbarie, e non só lingüística. Tamén, como apuntas, en termos económicos, políticos e sociais é un atentado contra a nosa identidade.

**Que prezo ten Begoña, a liberdade, a nosa liberdade?** Ah, pero somos libres (he, he)? No sentido máis estrito do termo, a liberdade non debería, non podería ter prezo. Non é unha mercadoría nin nada que se poida comprar, aínda que tanto se esforcen en convencernos do contrario. E ademais é que o conseguen. Semella que cada vez hai máis xente disposta a renunciar á liberdade por un falso concepto de "seguridade". Incluír na

mesma frase as palabras prezo e liberdade demostra de seu canto calou en nós o concepto de servidume, vasalaxe ou escravitude. Convencéronos de que a liberdade haina que mercar. Deberíamos falar máis ben do que estamos dispostos a arriscar para non perdela. Cada quen, individualmente, debería facer a súa valoración e como colectivo teríamos que consensuar uns mínimos irrenunciábeis. Non se trata de declaracións de heroicidade, senón saber cal é o punto de non retorno, a liña que unha vez traspasada xa non nos permite ollarnos ao espello sen vergoña. Por falarmos en prezos, eu poño un igual difícil de cuantificar, o da dignidade.

**Somos máis pasado ignorado que presente activo?** Somos presente, e futuro. Somos aquilo en que queremos converternos, aquilo que aspiramos a ser, un proceso, un devir. Pero que non nace da nada, creámolo co que nos foi dado, e mellor saber que é o que cargamos nas nosas mochilas se queremos avanzar.

**Monarquía parlamentaria e democracia, podes facer unha reflexión?** República, autoxestión e democracia participativa.

**Que ten de falacia institucional a chamada "violencia de xénero"; non hai encubertos perversos aí dos cales se libran as familias "bempensamentes"... Acaso non continúa o machismo con suavizantes de perfumarías?** O machismo continúa na educación, na publicidade, nos medios de comunicación, na economía, na política, no eido laboral... Agora mesmo, a piques de entrar no entroido, unha grande area comercial amosa na súa publicidade ás nenas vestidas de princesas e aos nenos de piratas... é obvio que sacudir o machismo da sociedade precisa de cambios estruturais moito máis fondos que a creación dun instituto da muller ou a aplicación dunha lei contra a violencia de xénero, mais mesmo así son necesarios. Hai que impedir que sigan matando mulleres e acabar coa impunidade dos maltratadores. Se te refires á escolla da expresión "violencia de xénero" sobre outras posibles denominacións, teño que recoñecer que é un debate aberto, mesmo dentro do feminismo, pero, malia a diversidade de matices, no feminismo europeo chegouse máis ou menos a un consenso á respecto desta denominación como xeito de englobar todas as violencias que sufrimos as mulleres polo feito de o sermos e tamén para identificar a causa, á orixe desa violencia. Seméllame, en todo caso, moito máis acaído que falar de "violencia doméstica", que disfrazaba a fondura do problema limitándoo á dimensión familiar e privada. O xénero é un concepto político, unha construción cultural e social e aí é onde temos que situar a orixe do conflito.

**Os credos... Todo o teocrático é para min falacia, cando non estulticia ou estolidez. Cal é Begoña a túa actitude, o teu pensamento activo?** Non creo nas verdades únicas e absolutas e rexeito os dogmas. Defendo a disidencia e a transgresión. Das famosas "virtudes teologais" quedo só coa esperanza. Cambio a fe polo coñecemento e a comprensión e a caridade pola xustiza e a solidariedade. En calquera caso, non é doado, ás veces resulta moito máis fácil crer cegamente en algo, unha relixión, un ideario político, un deus, un dirixente, que estar permanentemente cuestionando e cuestionándote.

**Un Estado digamos federal con aceptación de repúblicas como Galicia, Euskadi ou Cataluña é, en principio un punto *sine qua non* de partida?** O punto *sine qua non* do que falas ten que ser o respecto ás diferenzas e o recoñecemento da lexitimidade das aspiracións do "outro".

**Poderías con palabras pintar un retrato de ti mesma?** Non. Creo que son alegre, amábel e honesta, pero iso só é un resumo do lado agradábel, o outro, o escuro e malvado non o vou desvelar.

**Marx fixo un tratado de amor?** Estou convencida. Aínda con erros e equivocacións. O marxismo só ten sentido dende o amor. O obxectivo é o benestar e a liberdade da poboación. Unha lectura de Marx allea ao humanismo pode xerar aberracións como os xemeres roxos, a revolución cultural chinesa ou os gulags. A dialéctica marxista, a produción, a economía planificada, o estado como grande regulador só teñen sentido se están ao servizo da xente, non ao revés. Trátase de acabar coas opresións, non de crear novas.

**A propósito do amor, cal é a túa opinión, cales as trampas propostas polo cinismo da sociedade capitalista?** A primeira: a norma; facernos crer que só existe unha forma de amor. A segunda revestir de romanticismo o seu obxectivo de consolidar a familia como unidade básica de organización, produción e control.

**Ilustra viaxar?** Ilustra querer aprender. Hai xente que viaxa moito e só sabe de hoteis, aeroportos ou praias paradisíacas... Como tamén hai xente que le moito e non aproveita as lecturas. Viaxar, como ler, é unha porta

magnífica ao coñecemento, pero hai que desexar entender, esforzarse por comprender todo o que a viaxe nos ofrece, senón aprendes o mesmo que no sofá da casa mirando os documentais na televisión.

**A literatura galega vive entre luces e sombras, ou talvez a súa etapa dourada?** Todas as literaturas viven entre luces e sombras. Creo que para definir unha etapa como dourada hai que ter a perspectiva do tempo, serán as xeracións vindeiras as que xulguen a dimensión do que se achega neste momento. Outra cousa é o mercado literario. Nese terreo penso que nunca antes houbo tantas editoriais, tanta diversidade nas publicacións...pero tamén temos diante riscos tremendos: a globalización cultural, o poder esmagador dos grandes grupos internacionais e os seus best-sellers, e o decretazo, claro, se non se forma poboación lectora en galego mal futuro ha ter a nosa literatura.

**Cal foi o libro que non escribiches que non se che vai da cabeza?** Non escribín tantos... apenas si comezo a escribir...! Pero se falamos de desexos máis ca un libro gustaba de poder escribir a crónica dun cambio social universal, narrar o inicio dun novo mundo, sen fames nin guerras, onde todas as diferenzas fosen non só aceptadas senón queridas e valoradas e no que a desaparición dunha lingua provocase un estarrecemento global.

**Regresando co tema do amor, cal é a súa liberdade, a súaconditio?** Xa dixen que creo que non existe un único amor nin un só xeito de amar. Cada quen constrúe as súas relacións. Para min, a condición indispensable é a honestidade, tamén a lealdade. Polo demais, só entendo o amor cando me fai libre, afouta e enteira.

Fonte: <http://www.galiciahoxe.com/mare/gh/begona-caamano-galego-resultalles-un-moribundo-demasiado-lento-molesto/idEdicion-2010-01-25/idNoticia-509570/>

[data de descarga: 22/03/2016]